

MÁSTER UNIVERSITARIO EN FILOSOFÍA. CONOCIMIENTO
Y CIUDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

XÉNERO E TEORÍAS FEMINISTAS

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRIPCIÓN

A materia ten o código P5251207. É unha obrigatoria do Itinerario “Cidadanía e Globalización” do Máster Oficial en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía, impartida durante o primeiro semestre. É de 3 créditos ECTS (desglosados segundo Plan Docente Anual en: 21 h. de clases; expositivas, 9 h.; clases interactivas, 12 h.; 3 h. de titorías de grupo; 52 h. de traballo persoal da/do estudante, incluídas lecturas, estudo e realización de tarefas) dependente do Dpto. de Filosofía e Antropoloxía (Área de Filosofía Moral).

PRERREQUISITOS

Non require necesariamente dispor de formación previa.

IMPARTICIÓN

A materia impartiraa Iolanda Martínez Suárez, docente da Área de Filosofía Moral. A información relevante da materia, así como os avisos e cualificacións, será subida á páxina desta no Campus Virtual da USC.

O horario da materia será o fixado na páxina web da Facultade de Filosofía.

TITORÍAS

Horario de titorías a determinar ao comezo do curso que, en todo caso, estará dispoñíbel no Campus Virtual. Serán 6 horas semanais, realizadas de maneira presencial, no despacho 315, e recoméndase pedir cita previa no mail yolanda.martinez.suarez@usc.es para garantir atención na hora solicitada.

Organizaranse titorías de grupo en función das necesidades para aclarar aspectos relacionados coa materia

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

BLOCO FORMATIVO NO QUE SE INTEGRA A MATERIA

É unha das dúas materias obrigatorias ofertadas no Itinerario “Cidadanía e Globalización” do Máster oficial en Filosofía. Coñecemento e Cidadanía. É impartida pola Área de Filosofía Moral. A outra materia obrigatoria de itinerario é Éticas aplicadas, que xunto con unha materia obrigatoria de formación básica (Cidadanía, Xustiza e Democracia), e unha materia optativa (Bioética actual), están ao cargo da área de Filosofía Moral.

PAPEL DA MATERIA DENTRO DO BLOCO

“Xénero e teorías feministas” desenvolve algunhas das cuestións e reflexións, propias do campo da Filosofía Moral e Política e das Ciencias sociais, de maior interese e relevancia en relación coa reflexión crítica sobre a organización e o funcionamento da sociedade, na

súa dimensión teórica e práctica, atendendo ao sistema sexo-xénero e as aportacións teóricas e debates da teoría feminista.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

Os obxectivos da materia consisten en: introducir as bases do coñecemento e da investigación en torno ás relacións e roles de xénero, dos estudos das mulleres, así como os enfoques teórico-feministas máis relevantes; de modo concreto preténdese chegar a un dominio da bagaxe conceptual central e dos paradigmas ou enfoques máis importantes, e as súas implicacións para a explicación dos procesos de socialización humana e das relacións e roles de xénero; coñecer as correntes contemporáneas do pensamento feminista; e na adquisición e/ou práctica das seguintes competencias:

COMPETENCIAS BÁSICAS E XERAIS

- (1.1) Que as e os estudantes saiban aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.
- (1.2) Que as e os estudantes adquiran capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a aportacións investigadoras.
- (1.3) Que as e os estudantes sexan capaces de transmitir coñecementos ideas orixinais e solucións propostas.
- (1.4) Que as e os estudantes estean capacitados para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na busca de solucións.
- (1.5) Que as e os estudantes teñan habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestión e susceptibles de ser abordados e resoltos.
- (1.6) Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base u oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
- (1.7) Que as e os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
- (1.8) Que as e os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seu coñecementos e xuízos.
- (1.9) Que as e os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
- (1.10) Que as e os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.

Os obxectivos e estas competencias acádanse co conxunto de actividades previstas para o seguimento da materia.

Os obxectivos e competencias avalíanse a través do traballo escrito final, así como mediante as presentacións temáticas, resumos e comentarios previstos para a

avaliación continua ou, no seu caso, para quen deba facer o exame final (nalgunha das oportunidades).

COMPETENCIAS DE TIPO ESPECÍFICO

- 2.1) Coñecer e comprender formulacións filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do máster.
- (2.2) Desenvolver destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.
- (2.3) Adquirir habilidades para a transmisión e ensinanza de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.
- (2.4) Saber aplicar os coñecementos adquiridos na resolución de novos problemas.
- (2.5) Ser capaz de: analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos, e deliberar consonte á criterios éticos.
- (2.6) Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

Sesións de seminario interactivo, tutorías individuais e de grupo, a preparación do traballo escrito final (e no seu caso o exame final) han de ser elementos a través dos que os/as alumnos/as contribúan a amosar a adquisición das anteriores competencias específicas.

Avaliaranse mediante traballo escrito final ou exame final.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

- (3.1) Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación.
- (3.2) Manexar e analizar criticamente fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.
- (3.3) Valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas.
- (3.4) Promover o respecto aos dereitos humanos e á diversidade cultural e das persoas, así como desenvolver valores contra as desigualdades de xénero.

Estas competencias acádanse e avalíanse co conxunto de actividades previstas para o seguimento da materia.

4. CONTIDOS

PLANO XERAL

Esta materia busca proporcionar o contexto histórico, as bases conceptuais, as cuestións epistemolóxicas básicas, e as teorías e temas máis relevantes das investigacións feministas e as relacións de sexo-xénero actuais.

Os contidos poden así estruturarse esquematicamente en dúas partes:

PRIMEIRA PARTE

- 1. Introducción
- 2. Aclaración conceptual e Debate: Sexo- Xénero
- 3. Feminismo e Coñecemento de Xénero

- 3.1. As orixes do Movemento Feminista
- 3.2. O Movemento Feminista Moderno e os Estudos e Investigacións das Mulleres (“Women’s Studies”)
- 4. A problemática epistemolóxica do coñecemento do xénero
 - 4.1. Patriarcado e Androcentrismo
 - 4.2. A polémica epistemolóxica das Teorías feministas: os enfoques teóricos da igualdade e da diferenza; Ciberfeminismos, Ecofeminismos...

SEGUNDA PARTE

- 1. Introducción.
- 2. Xénero e Política
 - 2.1. “O persoal é político”; Privado/Público
 - 2.2. O contrato sexual/social
 - 2.3. Cidadanía e xénero
- 3. Mulleres, Xustiza e Globalización
 - 3.1. Liberalismo Político: o enfoque das capacidades e a loita polo florecemento humano
 - 3.2. Democracia da terra: o enfoque das necesidades e a loita pola vida
 - 3.3. Pobreza, desigualdades, coidados: mulleres e globalización
 - 3.4. Mulleres e guerra

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

TRABALLO PRESENCIAL NAS AULAS

Nas aulas impartidas pódese distinguir os seguintes dous tipos:

- (1) *Aulas expositivas*. Nestas levarase adiante a explicación dos temas do programa aberta á participación e o debate.
- (2) *Aulas interactivas*. Nestas farase unha presentación por parte do alumnado dos temas nas distintas sesións. Estas faranse ao fin dos contidos impartidos previamente nas sesións teóricas anteriores e de textos complementarios, dispoñíbeis no campus virtual ou achegados nas aulas.

Para a docencia teórica empregárase un modelo de clase interactiva para optimizar a interacción profesora-alumna/ou, ademais das leccións teórico explicativas por parte da profesora. Neste sentido, seguindo unha concepción didáctico-comunicativo-interaccionista contéplanse especialmente intervencións activas e alocucións das alumnas e dos alumnos (exposicións, resumos, preparación de preguntas para o pleno da clase etc.) como parte integrante da propia clase, isto é, achegas en relación co material que se usará nas distintas clases para profundar nos distintos complexos temáticos suscitados teoricamente no espazo da aula.

De modo concreto desenvolveremos ademais sesións e talleres prácticos con respecto á temática precisa que nos ocupa durante todo o semestre e segundo o programa específico da materia. Facilitarase que as alumnas e os alumnos teñan un sentido crítico

sobre os contidos das clases e a súa participación activa favorecerá o desenvolvemento das actitudes críticas a través da expresión e contraste de opinións e ideas.

TRABALLO AUTÓNOMO DA/O ALUMNA/O

- (1) Preparación das presentacións nas sesións prácticas.
- (2) Lectura de textos e traballo sobre estes.
- (3) Elaboración do traballo final

REQUERIMENTOS PARA AS AULAS

Participación activa e asistencia

A materia require necesariamente da participación activa do alumnado. Non se limitará a un grupo reducido de persoas, todo o mundo terá que participar.

TITORÍAS DE GRUPO

Para a preparación dos ensaios e dos exames terán lugar titorías de grupo, onde se explicarán todas as cuestións sobre as que haxa dúbidas, se explicará a metodoloxía práctica a seguir para superar a materia e se exporá a bibliografía que se pode empregar para a preparación dos exames. Estas terán lugar ao comezo e na metade do curso.

6. AVALIACIÓN

É posible superar a materia mediante avaliación continua ou indo ao exame final.

Para a avaliación continua exixirase a asistencia a un mínimo do 80% das clases e contarán:

- (1) O contido da materia dividirase nas diferentes sesións prácticas nas que as/os estudantes presentarán e discutirán este. Neste sentido, as presentacións valoraranse como parte da nota.
- (2) Realizarase un traballo final (entre 5 e 10 páxinas máximo) sobre algún dos tópicos ou contidos dados.

DIMENSIÓNS DA AVALIACIÓN

O traballo final valorarase de 0 a 10 puntos, aportará o 60% da cualificación. Ademais da entrega en versión dixital (pdf) pola plataforma, terá que ser exposto de maneira oral. Dos 6 puntos da avaliación, 4 serán para o traballo escrito e 2 para a exposición e defensa do mesmo no turno de preguntas. Xunto a esta porcentaxe, a participación activa comentando o traballo realizado sobre os textos na aula aportará o 10%. As presentacións temáticas, o traballo sobre os textos, resumos e comentarios o restante 30%.

A/o alumna/o que conforme a este método de avaliación non supere a materia ou que desexe mellorar a nota acadada poderá concorrer ao exame final.

EXAME FINAL

As persoas que concorran ao exame final terán que dar conta do conxunto da materia impartida no curso así como dos textos de lectura obrigatoria e de apoio empregados nas

aulas expositivas e interactivas. O exame final consiste nunha proba escrita: un comentario de texto (4 puntos) e dúas cuestións (3 puntos cada unha).

ESTUDANTES CON DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE

Quen teña dispensa de asistencia a clase será avaliado mediante un exame final na data oficial, no que se dará conta dos textos de lectura obrigatoria (Comentario de texto dunha das lecturas obrigatorias; 4 puntos) e das lecturas sobre os temas do programa que serán sinaladas nunha primeira titoría, ao comezo do curso, ca/o alumna/o (dúas cuestións: 3 puntos cada unha).

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O tempo de traballo estimado para esta materia en correspondencia cos 3 créditos que ten é de 75 horas

- Horas presenciais semanais: 3 horas (9 horas de docencia expositiva e 12 horas docencia interactiva) no segundo bimestre do curso. Aproximadamente, 24 horas no conxunto do semestre. Incluindo 3 horas de titorías.
- Horas non presenciais semanais, recomendadas para o traballo con textos: 1,5 horas. Aproximadamente, 21 horas no semestre.
- Horas de estudo semanais (para alén das non presenciais): 2 horas semanais. Aproximadamente, 30 horas no semestre.

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

- (1) Participación nas presentacións
- (2) Preparación dos temas/textos marcados
- (3) Consulta de dúbidas na clase ou nas titorías

7. BIBLIOGRAFÍA

PRIMEIRA PARTE

AGRA, M. X. (2017): “Del sexo y del género: epistemología y política”, en *Anuario de Literatura Comparada*, 7, pp. 87-106.

- AMORÓS, C. (1980): "Feminismo. Discurso de la diferencia, discurso de la igualdad", en *El Viejo Topo*, Extra, 10, pp. 31-33.
- (1997): *Tiempo de feminismo, Sobre feminismo, proyecto ilustrado y postmodernidad*. Madrid: Cátedra.
- (2018). *10 Palabras clave sobre Mujer*. Madrid: Verbo divino
- AMORÓS, C. (1985): *Hacia una Crítica de la Razón Patriarcal*. Barcelona: Anthropos.
- BENHABIB, S. (1992): "Una revisión del debate sobre las mujeres y la teoría moral", en: *Isegoría*, nº 6
- BENHABIB, S. y CORNELL, D. (1990): *Teoría Feminista y Teoría crítica*. Valencia: Alfons El Magnanim.
- BEAUVOIR, S. (1977): *El segundo sexo*. Tomos I y II. Madrid: Cátedra.
- DE GOUGES, O. (2007): "Declaración dos dereitos da muller e a cidadá", en *Escritos políticos e literarios*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- DE SALVADOR AGRA, S. (2018): "Guerrillas ciberfeministas: la batalla desde los códigos", en *Revista andaluza de antropología*, pp. 133-153.
- FRAISE, G. (1975): "El concepto filosófico de género", en Tubert, S. (ed). *Del sexo al género. Los equívocos de un concepto*. Madrid: Cátedra.
- HARAWAY, D.J. (1995): *Ciencia, cyborgs y mujeres. La reivindicación de la naturaleza*. Madrid: Cátedra.
- LIBRERIA DE MUJERES DE MILÁN (1991): *No creas tener derechos*. Madrid: Horas y horas.
- MILLET, K. (1997): *La política Sexual*. Madrid: Cátedra.
- MORENO SARDA, A. (1988): *La otra política de Aristóteles*. Cultura de masas y divulgación del arquetipo Viril. Barcelona: Icaria, pp. 13-30
- (2007): *De qué hablamos cuando hablamos del hombre. Treinta años de crítica y alternativas al pensamiento androcéntrico*. Barcelona: Icaria, pp. 89-109.
- PULEO, A. (1993): *La ilustración olvidada*. Madrid: Anthropos.
- RADL PHILIPP, R. (2001): "Acerca del estatus epistemológico-crítico de las investigaciones de género", en: Rita Radl Philipp (ed.) *Cuestiones Actuales de Sociología del Género*. Madrid: CIS.
- RUBIN, G. (1986): "El tráfico de mujeres: notas sobre la "Economía política" del sexo", en *Nueva Antropología*, vol. Viii, 30, pp. 95-145.
- MARTÍN-GAMERO, A. (1975): *Antología del feminismo*. Madrid: Alianza.
- NASH, M. (1988): "Conceptualización y desarrollo de los estudios en torno a las mujeres: un panorama internacional", en *Papers, Revista de Sociología*, pp. 13-32.
- PULEO, A. (2021): *Claves ecofeministas*. Madrid: Plaza y Valdés.
- WOLLSTONECRAFT, M. (2000): *Vindicación de los derechos de la Mujer*. Madrid: Cátedra.

SEGUNDA PARTE

- AGRA ROMERO, Mª X. (1998) (comp.): *Ecología y feminismo*. Granada: Comares.
- (2002) "Ciudadanía: el debate feminista" en F. Quesada (Ed.): *Naturaleza y sentido de la ciudadanía hoy*. Madrid: Publicaciones-UNED, pp. 129-160.

- (2006) “Ciudadanía, feminismo y globalización” en A. Rubio Castro/ J. Herrera (coords.): *Lo Público y lo Privado en el contexto de la Globalización*. Instituto Andaluz de la Mujer, Sevilla, pp. 67-97.
- (2008) “Ciudadanía: ¿un asunto de familia?”, en *Isegoria*, 38, pp. 139-154.
- (2009) “Martha C. Nussbaum: liberalismo político de las capacidades”, en R. Maíz (Comp.): *Teorías políticas contemporáneas*. Valencia: Tirant lo blanch, pp. 365-398.
- (2010) “Multiculturalidad, género y justicia”, en M^a Josefina Clavo Sebastián/M^a Ángeles Goicoechea Gaona (Coords.): *Miradas multidisciplinares para un mundo en igualdad: ponencias de la I Reunión científica sobre Igualdad y Género*. Servicio de Publicaciones de la Universidad de La Rioja.
- (2012) “El feminismo y/en la filosofía política”, en *Revista Laguna*, 30, pp. 31-45.
- (2013) “Vulnerabilidad: injusticias y cuidados”, en Margarita Boladeras (ed.): *Bioética: justicia y vulnerabilidad*. Barcelona: Editorial Proteus, pp. 49-82.
- (2016) *¿Olvidar a Clitemnestra? Sobre justicia e igualdad*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións, USC Editora.
- AMORÓS, C. (2005): *La gran diferencia y sus pequeñas consecuencias... para las luchas de las mujeres*. Madrid: Cátedra.
- (2008) : *Mujeres e imaginarios de la globalización. Reflexiones para una agenda teórica global del feminismo*. Santa Fé: Homo Sapiens Ediciones.
- (2000) (Comp.): *Feminismo y Filosofía*. Madrid: Síntesis.
- AMORÓS, C./ MIGUEL, A. de (Eds.) (2005): *Teoría feminista: De la Ilustración a la Globalización. De la Ilustración al segundo sexo. 1.*
- *Teoría feminista: de la ilustración a la globalización. Del feminismo liberal a la posmodernidad. 2.*
- *Teoría feminista: de la ilustración a la globalización. De los debates sobre el género al multiculturalismo*. Madrid: Minerva Ediciones.
- AMORÓS, C. / POSADA, L. (eds.) (2007): *Multiculturalismo y feminismo*. Madrid: Instituto de la Mujer.
- BEARD, M. (2019): *Mujeres e poder. Un manifiesto*. A Coruña: Hércules.
- BIRULÉS, F. (2005): *Entre actos. En torno a la política, el feminismo y el pensamiento*. Buenos Aires/Madrid: Katz.
- CASTELLS, C. (Comp.) (1996): *Perspectivas feministas en teoría política*. Barcelona: Paidós.
- FRAISSE, G. (2003): *Los dos gobiernos: la familia y la ciudad*. Madrid: Cátedra.
- FRASER, N. (1997): *Iustitia Interrupta. Reflexiones críticas desde la posición 'postsocialista'*. Santafé de Bogotá: Siglo del Hombre Ed.
- GUERRA, M^a J., HARDISSON, A., (Eds.) (2006): *20 Pensadoras del siglo XX. Vol. I-II*. Oviedo: Ediciones Nobel.
- HELD, V. (2020): “Nacimiento y muerte”, en *Dilemata*, 31, pp. 1-25.
- NUSSBAUM, M. C. (2002): *Las mujeres y el desarrollo humano: el enfoque de las capacidades*. Barcelona, Herder.
- (2007): *Las fronteras de la justicia. Consideraciones sobre la exclusión*. Barcelona, Paidós, 2007.
- PATEMAN, C.(2019): *El contrato sexual*. Madrid: Ed. Ménades.

- PHILLIPS, A. (2020): “Las pretensiones universales del pensamiento político”, en Michele Barrett y Anne Phillips (comp.): *Desestabilizar la teoría. Debates feministas contemporáneos*. Barcelona: Paidós, pp. 25-44.
- PULEO, A. H. (2011): *Ecofeminismo para otro mundo posible*. Madrid: Cátedra.
- QUESADA, F. (ed.) (2014): *Mujeres y guerra: cuerpos, territorios y anexiones*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- SEGATO, R. L. (2016): *La guerra contra las mujeres*. Madrid: Traficantes de sueños.
- SEN, A.: “Desigualdad de género y teorías de la justicia”, en Mora. *Revista del Instituto Interdisciplinario de Estudios de Género*, nº 6, 4-18.
- SHIVA, V. (1995): *Abrazar la vida: mujer, ecología y desarrollo*. Madrid, Horas y horas.
- SHIVA, V. (2006): *Manifiesto para una democracia de la tierra. Justicia, sostenibilidad y paz*. Barcelona: Paidós.
- VALCÁRCEL, A. (1997): *La política de las mujeres*. Madrid: Cátedra.
- YOUNG, I. M. (2000): *Justicia y política de la diferencia*. Madrid: Cátedra.
- YOUNG, I. M. (2011): *Responsabilidad por la justicia*. Madrid: Morata.
- Outras referencias bibliográficas poderán ser facilitadas na aula.

8. OBSERVACIÓNS

- O temario preciso, así como a bibliografía concreta, explicarao e entregarse en clase ou a través da Aula virtual.
- Actividade titorial: A profesora atoparase a disposición do alumnado no seu despacho, no horario de titorías (que se consignará na páxina do campus virtual da USC), con obxecto de clarificar dun modo personalizado todas as cuestións referentes aos contidos da materia, e supervisará periodicamente o traballo persoal do alumnado, en orde a maximizar os seus esforzos de aprendizaxe e dispor dun mellor e máis amplo (xunto ás probas obxectivas realizadas nas clases teóricas e nas aulas interactivas) coñecemento dos seus progresos. Ademais, organizará titorías en grupos (en particular, nas primeiras semanas de clase), en orde a explicar convenientemente todos os aspectos relativos aos modos (formais) de composición dos ensaios e a preparación dos exames, así como á organización das actividades propias das clases interactivas, estruturando metodoloxicamente o desenvolvemento das mesmas.
- Faise notar que para os casos de realización fraudulenta dos exercicios ou probas será de aplicación o recollido na “Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”.
- Para a interacción co profesorado é obrigatorio o uso da conta de correo raí. Non se contestará ningunha comunicación realizada dende unha conta de correo electrónico allea á USC.
- Lémbrese a obrigatoriedade do cumprimento da Normativa de protección de datos.

- Os materiais elaborados pola docente están protexidos pola normativa de protección da propiedade intelectual e dereitos de autor de tal xeito que non se poden divulgar ou facer accesibles sen autorización da autora.
- O estudantado con necesidades específicas de apoio educativo deberá poñerse en contacto co Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU) e enviar a solicitude de adaptacións a través do formulario dispoñible na web do SEPIU ou na secretaría virtual do alumnado.